



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

ANUNCIO

Por decreto do alcalde nº 927/2025 de data 02/12/2025, rectificado dilixencia asinada polo secretario con esa mesma fecha, aprobaronse as seguintes bases:



BASES “ARZÚA+CONCILIA NO NADAL” do Servizo municipal de Conciliación

1. OBXECTO

O obxecto das presentes bases consistirá en establecer as pautas para a selección das persoas participantes no Servizo municipal de conciliación: ARZÚA+ CONCILIA no NADAL.

2. PERSOAS DESTINATARIAS

A poboación destinataria é a infancia escolarizada nada entre o 2013 e o 2021.

3. LUGAR E PERÍODO DE REALIZACIÓN E HORARIO

O obradoiro desenvolverase na vila de Arzúa.

O período do programa é **do 22 de decembro do 2025 ao 7 de xaneiro do 2026**.

Os sábados, os domingos e os festivos non haberá programa (25, 27, 28 de decembro e 1, 3, 4 e 6 de xaneiro).

O **horario ordinario** do programa será de mañá, de 10:00 a 14:00 horas, cun **horario extraordinario de entrada** ás 08:30, ás 09:00 e ás 09:30; e un **horario extraordinario de saída** ás 14:30.

4. PRAZAS OFERTADAS

O Concello de Arzúa oferta **35 prazas** no “ARZÚA+CONCILIA NO NADAL” para as crianzas que cumpran os requisitos de admisión.

5. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

a) As crianzas participantes no ARZÚA+CONCILIA NADAL serán nadas entre o 2013 e o 2021, ámbolos dous incluídos, e deberán estar matriculados en educación infantil ou primaria.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

6. SAÚDE

Calquera circunstancia de saúde que poida afectar á/ao menor (alerxias, intolerancias, enfermidades crónicas, afeccións de saúde etc.) deberase sinalar na solicitude e achegar un informe médico sobre a diagnose e as actuacións que deben ter en conta as monitoras e os monitores. De non achegar o informe médico, entenderase que non existen.

No caso de que a crianza presente temperatura alta ou síntomas de estar enferma, chamarase á familia e non poderá permanecer no obradoiro.

7. AUTORIZACIÓN PARA RECOLLER A PERSOA USUARIA

Coa solicitude achegaranse os datos da persoa que está autorizada pola nai ou polo pai para recoller a/o menor. De non achegar estes datos, entenderase que soamente poderán recoller a/o menor a/s persoa/s solicitante/s.

8. CRITERIOS DE SELECCIÓN

No caso de que haxa máis solicitudes que prazas estes serán os criterios para a adxudicación de praza:

1. O criterio técnico das profesionais do CIM, en situacións especiais.
2. Terán preferencia as crianzas empadroadas no concello de Arzúa fronte ás non empadroadas.
3. Dentro das crianzas empadroadas, terán preferencia aquelas nas que a súa familia se atope nalgún dos seguintes supostos: familias monoparentais, vítimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra a muller ou unidades familiares en que existan outras cargas relacionadas cos coidados. Igual preferencia establecerase dentro das crianzas non empadroadas.
4. Dentro de cada subsección terán preferencia aquelas persoas que teñan que conciliar vida laboral e familiar.
5. A orde de inscrición será a de rexistro das solicitudes.

9. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE PRESENTAR

As solicitudes formularanse mediante instancia subscrita pola/s persoa/s interesada/s (pai, nai e/ou titor/a legal) segundo o modelo específico para iso (ANEXO I). A presentación desta solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para a comprobación dos datos que constan nesta ante os organismos ou entidades correspondentes.

Documentación básica:

- Solicitude asinada
- Fotocopia dos DNI/NIE/pasaporte da nai, pai ou titor/a legal.
- No caso de non autorizar a comprobar os datos no padrón municipal riscando a cela habilitada a tal

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

efecto na solicitude, deberán achegar o certificado de empadramento da crianza.

Documentación adicional segundo as circunstancias familiares:

- No caso de **familia monoparental**, copia do certificado de familia monoparental emitido pola Xunta de Galicia ou xustificante de ter presentado a solicitude e a documentación presentada.
- No caso de **unidades familiares en que existan outras cargas relacionadas cos coidados**: resolución de discapacidade con necesidade de terceira persoa, resolución de dependencia ou informe de servizos sociais que acredite esta situación.
- No caso de **vítima de violencia de xénero**, acreditación desta circunstancia (acreditación do CIM, sentenza, orde de protección etc.).
- No caso de ter algún tipo de **alerxia, enfermidade ou afección de saúde**, deberá achegar o informe médico onde conste a diagnose e as actuacións previas ou posteriores que hai que ter en conta. Se non se achegan, entenderase que non existen.

As solicitudes debidamente cubertas poderán remitirse pola sede electrónica do Concello de Arzúa ou entregaranse no Rexistro municipal (1ª planta) ou por calquera das canles establecidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

Ante calquera dúbida poden consultar ao Centro de Información ás Mulleres nos teléfonos 698 119 762 ou 981 501 101 ou ben no correo electrónico cim@concellodearzua.com

O prazo de presentación de solicitudes é de dez días naturais, contados desde o seguinte ao do anuncio da convocatoria e da publicación das bases no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa.

10. PUBLICACIÓN

As listaxes de persoas preadmitidas e aquelas outras que teñan que emendar a solicitude publicaranse na páxina web do Concello a través do número de rexistro de entrada da solicitude de inscrición, polo que é moi importante que garden o xustificante de presentación da solicitude onde aparece este número. Procederase do mesmo xeito no caso do listado de persoas admitidas.

11. CUSTO

O Servizo municipal de conciliación neste período, ARZÚA+CONCILIA NADAL, é de **20 euros**.

12. NORMAS

A inscrición na actividade supón o compromiso de aceptación das normas.

A. Dereitos das persoas usuarias:

- Bo trato por parte do persoal do servizo e das outras persoas usuarias do servizo.
- Confidencialidade sobre os seus datos sanitarios, económicos e sociofamiliares.
- Favorecemento da súa participación no servizo.

B. Obrigas das persoas usuarias:

- Incorporarse á actividade nos horarios establecidos.
- Non abandonar a actividade sen autorización da persoa responsable.
- Entregar a documentación requirida.
- Para a recollida das nenas e dos nenos sempre será requirida a comparecencia dalgunha das persoas que figuran autorizadas na solicitude.
- Respetar as normas establecidas polas monitoras e os monitores, así como as de réxime interno das instalacións onde se desenvolvan.
- Non transferir a praza asignada.
- Manter unha actitude de respecto e de consideración co persoal e coas demais persoas usuarias.

C. Causas de extinción do servizo e baixa neste:

- Incumprimento dos requisitos establecidos.
- Incumprimento reiterado das normas de convivencia establecidas.
- Por solicitude da/o nai/pai ou representantes legais.
- Comprobación de falsidade na documentación achegada.
- Falta de asistencia durante un 20 por cento ou máis dos días concedidos sen causa xustificada e sen previo aviso.
- O incumprimento reiterado do horario.

Estas causas de extinción do servizo (agás a baixa voluntaria) conlevará a non admisión da crianza no seguinte ARZÚA+CONCILIA.

13. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Este artigo ten como obxectivo dar cumprimento ao establecido na normativa de protección de datos en canto á información que debe facilitarse ás persoas interesadas. En virtude diso, infórmase:

(a) Ten a condición de responsable do tratamento o Concello de Arzúa.

(b) A finalidade para o tratamento de datos persoais en relación co procedemento de selección de participantes Servizo municipal de conciliación “ARZÚA+CONCILIA”, tendo como bases de lexitimación xeral as seguintes:

I. Estarán lexitimados polo interese público os tratamentos de datos realizados para a xestión do procedemento de selección como a xestión de solicitudes e os actos de instrución.

II. Terán como base de lexitimación o cumprimento dunha obriga legal os seguintes tratamentos en relación coas normas que se citan a continuación:

(a) As publicacións realizadas con efectos de notificación de acordo coas normas do procedemento.

(b) As publicacións realizadas na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios esixibles pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

(c) O responsable do tratamento poderá obter aqueles documentos para achegar no procedemento que se achen en poder doutras administracións públicas, salvo que a persoa interesada se opoña na solicitude.

(d) Así mesmo, aquela información persoal declarada pola persoa interesada e que obre en poder das administracións públicas, o responsable poderá efectuar no exercicio das súas competencias as verificacións necesarias para comprobar a exactitude dos datos.

(e) Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos e de conformidade coa normativa de arquivos e de documentación.

A persoa interesada pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, a limitación do seu tratamento, oposición, portabilidade e non ser sometido a unha decisión baseada exclusivamente no tratamento dos datos persoais mediante un escrito dirixido a Concello de Arzúa con sede na rúa de Santiago, 2, 15810 - Arzúa. A persoa interesada ten dereito a contactar ou reclamar diante do delegado de protección de datos, cuxos datos de contacto son: Ramón Santos Pérez (ramon@nossoluciones.es). Así mesmo, no caso de que se entenda vulnerado o seu dereito á protección de datos, a persoa interesada ten dereito a reclamar diante da Axencia Española de Protección de Datos a través da sede electrónica accesible na páxina web <https://www.aepd.es/>

Información adicional: <https://arzua.gal/politica-privacidade>

**ANEXO I
SOLICITUDE**

NOME DA CRIANZA

NOME E APELIDOS:	
ANO DE NACEMENTO:	
EMPADROAMENTO EN ARZÚA	☐ SI ☐ NON

NOME DAS PERSOAS SOLICITANTES

SOLICITANTE	
NAI/PAI/TITOR/A LEGAL 1: NOME E APELIDOS	
DNI/ NIE:	
Correo electrónico:	
Teléfono:	
Autorizo para comprobar os datos da miña filla ou fillo do padrón municipal no Concello de Arzúa	☐ SI ☐ NON
Autorizo ao Concello de Arzúa a publicar (redes sociais, prensa,) fotografías da miña filla/o no obradoiro coa finalidade de divulgar o evento	☐ SI ☐ NON
	Sinatura nai/pai/titor/a legal 1:
SOLICITANTE	
NAI/PAI/TITOR/A LEGAL 2: NOME E APELIDOS	
DNI/ NIE:	
Correo electrónico:	
Teléfono:	
Autorizo para comprobar os datos da miña filla ou fillo do padrón municipal no Concello de Arzúa	☐ SI ☐ NON
Autorizo ao Concello de Arzúa a publicar (redes sociais, prensa,) fotografías da miña filla/o no obradoiro coa finalidade de divulgar o evento	☐ SI ☐ NON
	Sinatura nai/pai/titor/a legal 2:

PERSOAS AUTORIZADAS PARA A RECOLLIDA DA CRIANZA (Diferentes ás persoas solicitantes)

NOME E APELIDOS	DNI/NIE

Información básica sobre protección de datos. Responsable: Concello de Arzúa. Finalidade: Prestar os servizos solicitados. Lexitimación: Misión de interese público. Persoas destinatarias: Serviplus, S.L. e obrigación legal. Dereitos: Ten dereito a acceder, a rectificar e a suprimir os datos, así como outros dereitos, indicados na información adicional, que pode exercer dirixíndose a ramon@nossoluciones.es. Procedencia: A propia persoa interesada. Información adicional: [https:// arzuu. gal/ politica- privacidad](https://arzuu.gal/politica-privacidade)

HORARIO SOLICITADO:

O **horario ordinario** do programa será de mañá, **de 10:00 a 14:00**, cun horario extraordinario de entrada entre as 9:00 e as 10:00 e un horario extraordinario de saída entre as 14:00 e as 15:00. Aquelas familias que precisen facer uso do horario extraordinario deben marcar na seguinte táboa o horario extraordinario solicitado.

Horario solicitado de entrada		
☐ 9:00	☐ 9:30	☐ 10:00

Horario solicitado de saída		
☐ 14:00	☐ 14:30	☐ 15:00

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA CON ESTA SOLICITUDE

Documentación básica:

- ☐ Solicitud asinada
- ☐ Fotocopia dos DNI do pai, nai ou titor/a legal.
- ☐ No caso de non autorizar a comprobar os datos no padrón municipal riscando a cela habilitada a tal efecto na solicitude, deberán achegar o certificado de empadramento da crianza no Concello de Arzúa.

Documentación adicional segundo as circunstancias familiares:

- ☐ No caso de **familia monoparental**, copia do certificado de familia monoparental emitido pola Xunta de Galicia ou xustificante de ter presentado a solicitude e a documentación presentada.
- ☐ No caso de **unidades familiares en que existan outras cargas relacionadas cos coidados**, resolución de discapacidade con necesidade de terceira persoa, resolución de dependencia ou informe de servizos sociais que acredita esta situación.
- ☐ No caso de **vítima de violencia de xénero** informe do Centro de Información ás Mulleres.
- ☐ No caso de ter algún tipo de **alerxia, enfermidade ou afección de saúde**, deberá achegar o informe médico onde conste a diagnose e as actuacións previas ou posteriores que hai que ter en conta. Se non se achegan, entenderase que non existen.

INSTRUCCIÓN PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1. En caso de familias biparentais, deben cubrir e asinar ambos a solicitude. No caso de familias monoparentais, bastan os datos e a sinatura da nai, pai ou titor/a legal da crianza.
2. Coa solicitude achegaranse os datos das persoas que estean autorizadas pola nai, pai e/ou titor/a legal para recoller a crianza. De non achegar estes datos, entenderase que soamente poderán recoller a crianza a/s persoa/s solicitante/s.
3. Para acreditar o empadramento, bastará con autorizar ao Concello de Arzúa para comprobalo no padrón municipal, riscando a cela adecuada. No caso contrario, deberá achegarse un volante de empadramento conxunto da unidade familiar para acreditar o empadramento en Arzúa.
4. Calquera circunstancia de saúde que poida afectar á crianza (alerxias, intolerancias, enfermidades crónicas, afeccións de saúde etc.) deberase sinalar na solicitude e achegar un informe médico sobre a diagnose e as actuacións que debe ter en conta os monitores ou as monitoras. De non achegar o informe médico, entenderase que non existen.
5. Calquera circunstancia persoal ou familiar das que se ten en conta nos criterios de selección debe acreditarse coa achega da documentación específica solicitada nas bases para cada unha delas.
6. As listaxes de persoas preadmitidas e aquelas outras que teñan que emendar a solicitude publicaranse

na páxina web do Concello, a través do número de rexistro de entrada da solicitude de inscrición, polo que é moi importante que garden o xustificante de presentación da solicitude onde aparece este número.

O alcalde

Asdo: Xoan Xesús Carril Ramos